

**PRIMEIRO DIÁLOGO NA ALAMEDA DE SANTIAGO  
(SETEMBRO DE 1836)**

DAS1(36)

*Diálogo en la Alameda de Santiago entre Cristovo, Farruco, Bartolo e Freitoso.* Santiago: Imprenta de J. Núñez Castaño, setembro de 1836 (Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago de Compostela, RSE Misc. 2-18 e RSE Misc. 3-10; Museo de Pontevedra, Legado Baltar, impresos 4 – 22).

Cf. tamén Cátedra de Lingüística e Literatura Galega (1976: 45-50) e García Negro / Gómez Sánchez (1996: 63-70).

Sobre a posible autoría desta peza véxase o dito na introdución á “Carta recomendada” (1812) de Ramón González Senra e mais na introdución á “Conversacion entre los compadres Bértolo y Míngote” (1813).

**AUTOR E CIRCUNSTANCIAS**

Os liberais galegos e moi especialmente os de Santiago viviron con humillación e vergoña a expedición do xeneral carlista Gómez que, con catro mil homes, saíra de Orduña o 26 de xuño de 1836, entrou en Galicia sen atopar resistencia e mantivo contacto coas partidas carlistas ás que lles proporcionou armas e lles deu instrucións militares, para finalmente entrar en Santiago o 18 de xullo de 1836 en medio do entusiasmo popular. Gómez destituiu o concello e nomeou outro formado por relevantes carlistas. O día 19 celebrou un solemne funeral na catedral en memoria dos carlistas caídos e o día seguinte abandonou Santiago de Compostela camiño de Sobrado dos Monxes.

Aquela meteórica expedición foi unha operación publicitaria de enorme rendibilidade política, pero de insignificante valor militar.

Cando o exército liberal, que se retirara para non facer fronte a Gómez, entrou novamente en Santiago, foi recibido polos cidadáns como un exército de ocupación.

Os tres diálogos na alameda de Santiago foron redactados pouco despois da expedición de Gómez e neles o lector pode captar a humillación e a vergoña polo sucedido. Isto traeríalle graves consecuencias ao carlismo, porque as autoridades militares, ofendidas coa cidade de Santiago, iniciaron unha durísima represión contra as autoridades, eclesiásticas e civís, máis relevantes do carlismo, que naquela ocasión tiveran a imprudencia de se manifestar tan gozosamente co xeneral Gómez.

1

<1> DIALOGO  
 en la Alameda de Santiago  
*entre Cristovo, Farruco, Bartolo, é Freitoso.*

FARRUCO E BARTOLO

5

*Farruco.* Vaya, vaya, que non che pensei que viñesedes oxê á Vila!

*Bartolo.* Home, si vin foi porque non tiña cigarrillos no estanco, é cumpriame vir catálos á ó veredeyro: é ti ¿vés logo para á aldea?

*Farr.* Estou agardando por meu compadre Freitoso, que vay enredado con unha consilason; é abofellas que xâ târda.

10

*Bart.* ¿E el con quen anda en xústicia?

*Farr.* Hastra agora ainda non anda; que para eso son estas consilasiós, ou xúicios de paz.

*Bart.* Bo::: bo::: ó que eu vexô que hasta ó dagora hay os mismos preitos que sempre.

15

*Farr.* ¿E quen ten á culpa Bartolo?:: consistirá eso na ley que o manda, na nosa mania de preitear, por non saber o que nos ten conta, ou nas autoridades postas polos governantes pra cumprir có á ley? dirasme que de todo habrá un pouco; pero escoita; pola sabia constituson que xâ temos xûrada (e eu pola terceira ves<sup>1</sup>), mándase no articalo douscentos ochenta é dous, que en cada pueblo

20

faga o Alcalde de conciliador entre os que se queiran poñer pleito; tamen o manda o reglamento pervisional de xústicia no capitalo dous, añadiendo, entre outras cousas, que o xúés de paz non leve dereitos ningus sinon dous reás por cada parte non sendo prove, e esto para gastos de libro e escribente; asi mesmo cho reza no articalo vinte e nove: pois meu amiguiño de Dios, ainda

I. Farruco di que xa xurou a Constitución de 1812 por terceira vez, o que é certo: en 1812, en 1820 e agora cando dona Cristina, constringida polos sarxentos da Granxa, tivo que asinar un decreto que derogaba o Estatuto Real de 1834 e recuperaba novamente a Constitución de 1812, que estivo en vigor desde o 12 de agosto de 1836 ata o 18 de xullo de 1837, en que entra en vigor a nova Constitución.

25 non che hay dous meses, funche eu a unha<sup>1</sup> consilasion ¿e ti sabes canto me levaron?::: vinte reasiños: unha peseta por cada parte e outra por cada testigo sin contar un baso de viño que tiven que pagarlle o ome <2> bueno: con que xâ ves ti, si teñen de estos xûeces non che é milagre que os preitos vayan adiante; porque unha consilasion xâ che é un preitiño cativo.

30 *Bart.* ¿E el quen foi o xûes?

*Farr:* Foi che o de primeira instancia: outra mais que non lles toca os xûeses sinon á os alcaldes municipais conocer de estos xûicios, tanto pola Constitusion, como polo reglamento de xústicia.

*Bart.* ¿E el que tal é ese xûés?

35 *Farr:* Ome, como dicen os portuges, *nin fede nin cheira*; está metido (falando mal) polo cú dos quintanistas, deixâos ler pola cartilla bella: é vela aí...

*Bart.* Aló ven Cristovo é seu cruman:::

*Farr:* Vaya: seica se compuxêron que veñen en compañía...

*Bart.* ¿E logo foi con el á consilasion?

40 *Farr:* Foi, ome, foi...

*Cristovo*

e : Dios bendiga todo.

*Freitoso*

*Farr:*

45 e: Séades ben bindos.

*Bart.*

1. No orixinal, *un-/ha* en dúas liñas, con guión de separación entre <n> e <h> ao final da primeira delas. Consonte o que é norma neste texto cando a palabra non debe cortarse entre liñas, reproducimos o artigo indefinido sen guión.

*Farr.* ¿Seica vindes compostos?

*Crist.* Si; gracias á Dios.

50 *Freit.* A mi no me gusta andar en riertas de justicia, porque sé que viven á nuestra conta tanto los Abogados, coma los escrivanos; y asi me folgo mucho de que quedasemos amigos coma decote.

*Bart.* Sea enhorabuena, é nos alegramos.

55 *Farr.* Falas ben compadre, que as nosas liortas para nada mais sirven que para engordar as xústicias: e asi ende bèn que se acabase a cousa. E a todo eso ¿que soupéchedes de novedás?

*Freit.* Hombre nada de particular.

*Crist.* Solo estando arrimados á porta do Señor Alcalde agardando que viñese para á casa, oímos á un fato de Señores que estaban nunha roleira falando de moitas cousas que pasan.

60 *Freit.* Y abofé que estaban bien enfadados.

*Farr.* ¿E eles que decian ó?

*Freit.* Habraban de la Milicia Nacional de aquí, porque no se habia de poner como estaba; ó porque no se les obri-<3>gaba á pagar las armas á los que las dieron á la faccion, y no que todo se quedó asi como si tal cosa::

65 *Farr.* ¿E de eso quen ten á culpa sinon o xêneral da Cruña?::" ben que xâ á tubo de que os facciosos chegasen aco, polo que dí á xênte.

*Crist.* Ese ahora xâ o votaron á ó sol.

*Far.* Más novas: ainda el vaya en voltas, xâ que tan ben nos puxô.

II. Latre era capitán xeneral de Galicia e foi substituído de inmediato polo xeneral Ricafort.

*Freit.* De ese General ya yo no oí habrar muy ben en Cais.

70 *Bart.* Tamen vos moito falás: é el ¿en que tuvo á culpa de que chegasen acó os facciosos? o mesmo que facerlles pagalas<sup>2</sup> armas ós proves cando llas levaron á forza::: vaya, que falás canto vos ben á boca.

*Farr.* Cata, cata, que bobalás nos queres facer ti tamén: ¿conque non tivo el á culpa de que chegasen aco é? ¿é logo como pasaron por diante del en Lugo é  
75 non lles dixô nada? ¿porque non xúntou toda á tropa ou os nacionás (que che hay moitos) è lles fixô frente alo arriva? tou, tou rabela; porque non lle dou á gana: si cho oubera feito non che habia agora faccion en Galicia, pois dábatche xâ, como quen dí, as boqueadas, é esto non che lle tiña conta á ó Governo Isturis por eso che quedou como estaba de Xéneral, pois tal he o carro tales  
80 fungueiros leva. ¿E quen che dixô á ti que non deven pagar as armas os que as deron os facciosos? ¡Ay que xúncras!!!! ¿E logo pra que corrian coma á un xíbaleu á ó Auntamento con elas? ¡malas fadas chos faden de que boa gana as deron! ¿porque non marcharon logo co Señor Marques de Astris cando lles dixô que o seguisen? ¿por que deixâron os seus compañeiros? ¿ou por que  
85 non foron á entregar as armas cando o tambor tocaba para marcharse? vállachos á perdamá: non che teñen discurpa.

*Bart.* ¿E eles habian de deixâr as suas casas, co as mulleres é os fillos?

*Farr.* ¿E como as deixâron os demais? di ti que non lles tiñan medo porque eran todos dunha camada.

90 *Freit.* De esa mesma moda lo decian los Señores que escoitamos; lo mismo que muchos que en aquellos días andubieron robando por las casas de los liberales, insultando, apedreando y echando foguetes á los facciosos y otros que se fueron con ellos, y ahora se pasean todos haciendo burla de los:::

<4> *Farr.* De eso ninguen ten á culpa sinon o Xéneral que os perdonou; co  
95 demais boas sopas che lle farian aquí.

2. No orixinal, *paga-/las* en dúas liñas.

*Crist.* ¡Vaya que tal Señor muy amigo he de perdonar!!! ¿non vos acordás daqueles que estaban xâ na capilla para morrer é tamen lles perdonou?

*Bart.* Eneso fixô ven; porque á o fin é ó cabo::

100 *Farr.* ¡Como que fixô ben! ¿é ti sabes o que dis?::: habias de oir á ó Abogado como eu o oín<sup>3</sup>, que me cadrou de ir buscar un parecer cando foi ese conto, é verias que razós puña, que deixâban á un co á boca aberta; que ahora non se me alembra.

*Crist.* Falando de outra cousa: ¿porque non quitaron as cadeas do Hospital como alo da outra ves?

105 *Farr.* ¿Por que? porque o Auntamento non quer; pois si mandara pola sua conta quitatalas (xâ que no no fixô quen devia) ninguen lle diria nada, é á bofellas que non faltaría en que invertilas que che teñen moito ferro.

*Bart.* ¿E el que mais dá que as quiten ou non? ¿ou significan algo?

110 *Farr.* Non che significan nada, nin mais cousa ningunha qué que che fumos *Cautivos Cristianos*.

*Freit.* En los Praceres ya las he visto yo quitadas.

*Farr.* Pois os donos delas non che rabea de costitucionás::: é agora que che me acorda tamén che deven de ir para á sua casa á comer, si o teñen, é con razon, pois cóstalle á Universidade algus miles de reás o manter estes folgasás.

115 *Crist.* E diceme outra cousa: ¿porque non lle porian o nome que tiña antes á calle da fonte de S. Antonio?

*Freit.* ¿Y que nombre tenia?

3. Quizais *oin* no orixinal.

*Farr.* Chamábase á calle de Porlier, ¡miña xôya! morreu el aforcado na Cruña no ano de dez á seis<sup>m</sup>.

120 *Freit.* Ya sé, ya; fué el Marquesito.

*Farr.* Pois á culpa nadia mais á ten sinon o Auntamento en non poñerlle o nome nunha pedra, como o tiña antes alí na esquina da administrason: ben que como hasta o dagora non che he costitucional, ou nomeado segun o manda á Costituson, non querrá facer estas cousas.

125 *Bart.* No::: o Auntamento bo é.

*Farr.* Vaya, vaya que ten de todo.

*Crist.* Xâ que falache da administrason: hayvos un fato de empregados novos que os vin o outro dia que fun levar uns cartos!!!

130 <5> *Farr.* Xâ se vé que si, porque votaron fora moitos dos que quedaron é festexâron os facciosos cando viñeron; pro segun contas ainda quedaron algús, é moitos dos que botaron ainda non sairon, seica turra o sitio por eles!

*Crist.* Tamen estarán alí para ir instruindo á os novos; porque o outro dia foi un á perguntarlle á outro donde habia de por á firma nos papés que me deron.

135 *Farr.* ¡Que novos nin que albarda! si son todos vellos é mais, segun dicen malas lenguas, da rapa á rebola veña o Demo é escolla, que algús estaban xâ desempregados por tan bos como os dagora.

*Crist.* No eso non tanto::: que hay uns que viñeron da Cruña que son testisimos.

*Farr.* O-gó::: si non falo deses! xâ sei que son dos nosos, ainda un deles foi á Cruña á nomear os Diputados pras Cortes.

140 *Bart.* ¿E el pondrannos en pas as Cortes?

*Farr.* Ome deven poñernos: as Cortes non, que non han de ir loitar cos facciosos; pero farán que os Ministros marchen dereitos, garden á Costituson é á fagan gardar en todas partes: é meus amigos co á Costituson á diante non vos hay remedio sinon acabarse á guerra.

145 *Bart.* Dios te oya Farruco; pro o Capellan non che está por esas, é diceche que as Cortes farán coma de cote:::

*Farr.* Cala: que me da carraxê oirte falar do Capellan; ¡maleaquen!::: mellor lle fora estar sacando pedra dunha canteira, que non poñendo medo ós proves::: é á ti si fora de min á autoridade sacabache o estanco por non ser mais amante da Reyna é ser desagradecido á ó pan que comes::: ben que peores que ti aínda hay moitos empregados.

150

*Bart.* Ome: á verdade como me dice tantas cousas, é que o papa nos escomulgou; é que sei eu... ¿que queres que faga?

*Farr.* Non estás ti mal páparo: ben á ca burro ¿é nós que mal fixémos á ó Papa para el podernos escomulgar?::: así nós o escomulgáramos á el xá que se mete no que non deve!::: el o Capellan ¿seica pensa que estamos no tempo de antano? ou que todos creemos as tramoadas que á ti che dice, que ¿non teñen outro ouxêto qué que tomes impinxá á Costituson é á Reyna? ¡Ay que diancres!!!! ¡quen non che soupera por donde vay á augua ó rego! que o

155

160

Governo faga o que deve, que non lle vayan para Roma sete ou mais millós o ano con que nos fan á guerra:::

<6> *Crist.* ¡Rabieira! ¿é el van para aló tantos cartos?

*Farr.* Sí, home, si: esto solo é o que se sabe, ¿é quen será capáz de adiviñar ó que irá mais? Ben sei que dirán que entonces non veñen da ló as Bulas nin despachos; é á esto respondo, que non vendrán polos cartos, pero sin eles ben poden vir; é de este modo fan o que lles mandou Noso Señor Jesucristo: *que desen de valde o que recibiron de valde*; é si non as mandaren, poden muy ben facelo os Obispos, segun cho teño oído á quen o entende: faste Bartolo? é non penses que estas modas son da gora; pois xá moitos Reyes nosos (é todos bos cristianos) enseñáronchelle os dentes á os Papas cando nos querían facer á guerra ó seu modo, esto é espiritualmente; é entre eles foiche un Calrros

165

170



quinto, ou primeiro, que é ó mesmo, que hastra mandou un exército á Roma é entraron nela os soldados que che fixêron cachizas, roubando, matando, facendo mil xúdiadas co as mulleres, é co as monxás, é prenderon nun castillo  
175 á o Papa; é eso que este Rey ben servil che era.

*Bart.* Vaya: que ti sabes unhas cousas que me deixás atrónico.

*Farr.* Esto he o que che ten escoitar os que son sabidos:::

*Crist.* O que eu alabo é á tua memoria; é como che se alembra todo.

*Freit.* Pues de la mesma moda que lo cuenta, lo oí yo tambien en Cais.

180 *Crist.* ¡Ah!::: esqueciaseme unha cousa ¿sabedes que vai á salir na vila un deareo?::: polo que dixêron os Señores aqueles.

*Farr.* ¡Pola vida!!! ay amigos esa é unha cousa testisima é non sabedes canto me folgo por sabela!

*Bart.* ¡Pardiola si sei porque te pós tan aquelado!

185 *Farr.* ¿E non me hei de poñer ó? ¿é ti sabes o que é poder un calquera ir á o emprentador é que lle poña en letras de molde, calquera injusticia ou tal... que fagan con el, sin mais nada que deixâr á sua firma ou un abono?::: é non como hastra o da qui que nada mais que se emprentaba que novenas de Santos, ou á cartilla dos Cregos. Vaya que xâ estoupo porque salla logo!

190 *Crist.* Falàs coma un libro, Farruco.

*Bart.* ¡Ay Canté! pero doune á Dios si á ti te deixân emprensar nada; nin ti saves parolalo para levar á por no deareo.

195 *Farr.* A modo Bartolo ¡ay que diancres! pois eu non son un ciudadano como calquera para usar do dereito que me da <7> á ley? ¡o xêitiño ó! é si non me poñen o que eu queira co linguaxê que eu sei, non me faltará quen mo esprique en Castellano: ¡faste burrican!

*Crist.* Eso non marra.

*Freit.* Y es tan craro coma el sol de mediodia.


*Farr.* É senon, aquí teño á meu Compadre que sabe ben o Castellano, é pode  
200 valerme del cando faga falla.

*Freit.* Hombre: no lo sé mucho::: pro vamos á un decir, cuando faga falta por  
eso podeis disponer de mi.


*Farr.* Dios cho pague, Compadre. Conque si vos parece iremos tirando para  
Villegro que á noite ben encima.

205 *Bart.* Ome si que xâ he hora.

*Crist.* Vamos, vamos, que cando estemos de lesér falaremos do conto ese.



Diálogo en la Alameda de Santiago entre Cristovo, Farruco, Bartolo e Freitoso. Santiago: Imprenta de J. Núñez Castaño, setembro de 1836. [Fragmento].



*Diálogo en la Alameda de Santiago entre Cristovo, Farruco, Bartolo e Freitoso. Santiago: Imprenta de J. Núñez Castaño, setembro de 1836. [Fragmento].*